

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica
Valcárcel Fernández, Patricia

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Formella, Arno
García Cutrín, Fco. Javier
García Fontán, María Soledad
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé

ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Fernández Simoes, Miguel

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Lima González, Estela
Pazos Currás, Marta M^a
Siota Álvarez, Mónica

INVITADO

Velasco Graña, Rita
Cebero Rodríguez, Xoán M

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de abril de 2023, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 28 de abril de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de marzo de 2023.
2. Informe do reitor.
- 2bis. Informe sobre o Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Vigo.
3. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2023/24.
4. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2023/24.
5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación do Grao en Relacións Internacionais para o curso 2024/25.
6. Aprobación, se procede, da proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo (CPFP).
7. Aprobación, se procede da creación da Facultade de Enfermaría da UVigo.
8. Aprobación, se procede, da proposta do Mestrado de Formación Permanente en Auditoría e Contabilidade.
9. Aprobación, se procede, da proposta do Mestrado de Formación Permanente Dual en Información Xeoespacial.
10. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa (AIPSE).
12. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2023.
13. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais.
14. Aprobación, se procede, da creación do Instituto de Xustiza e Xénero.
15. Aprobación, se procede, do nomeamento de Xavier Labandeira Villot como director comisario de ECOBAS.
16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS

17. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de marzo de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións a acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- O calendario de reparto da produción científica alérase debido á baixa inesperada dun funcionario.
- Estamos en probas para un formulario de reparto de salas e representación do equipo de goberno a petición de autoridades. O edificio Redeiras xa está a funcionar mañá e tarde.
- Cátedra R: asinada polas universidades de Vigo e da Coruña en colaboración entre a Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións e a Facultade de Informática en temáticas relacionadas coas comunicacións.
- Sinatura convenio grao dual automoción.
- Por mor da entrada en vigor da LOSU, desdóbrase a vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, ocupada por Alfonso Lago, en dúas:
 - Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, ocupada por Patricia Valcárcel.
 - Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, ocupada por Alfonso Lago.
- Desaparece a vicerreitoría de Relacións coa Empresa e as súas funcións pasan a ser ocupadas pola vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación xunto á Xerencia e ás vicerreitorías dos campus.
- Hai unha nova dirección de área, relacionada coa nova vicerreitoría.
- En breve, produciranse cambios na dirección da Eido e substituirase á vicexerenta de Asuntos Económicos.
- Manifesto de Vigo: un chamamento ao desenvolvemento das relacións entre as universidades e a súa contorna, a clarexar o papel dos consellos sociais e a regular o seu papel.
- Competición de dragóns no Lérez.
- A ciencia que ven ten nome de muller.
- Xornadas no Cinbio.
- Xornada na Facultade de Dirección e Xestión Pública.
- Xornada sobre robótica na Escola de Enxeñaría Industrial.
- Reelección do decano da Facultade de Filoloxía e Tradución.
- África González entra na Real Academia de Farmacia.
- Marcos Curty lidera unha rede Marie Curie sobre ciberseguridade.
- Convocados os premios de poesía, relato curto e tradución.
- Foi aprobado o selo HR.

- Convocado o concurso de ideas para o edificio de aeroespaciais.
- Comenta sobre os proxectos de regulación mediante Real Decreto de áreas de coñecemento e departamentos, así como de regulación da acreditación estatal.

Remata o informe ás 10:28 h.

2.BIS. Informe sobre o persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

O reitor sinala os aspectos principais do informe, que expoñerá a xerenta:

- Cumprimento de obrigas legais
- Taxas de reposición
- Masa salarial
- Orzamentos

O reitor sinala as novas políticas implementadas e as novidades nos orzamentos de 2022, detallando o aforro por xubilacións e os ingresos libres polo novo plan de financiamento. Sinala que a Universidade de Vigo é a que menos gasta porcentualmente do SUG en termos de persoal. Conclúe lembrando cuestións relativas ao mandato anterior, que levaba no programa de goberno a negociación e a toma de acordos coma principal punto respecto do PAS, e no que se acadou a funcionarización, cun custo de 200.000 euros anuais, grazas ao esforzo conxunto da representación dos traballadores e da xerencia.

A xerenta amosa, en primeiro lugar, a evolución da masa salarial desde 2018 ata o 2023, así como a evolución do cadro de persoal, sinalando as distintas tipoloxías por anos, e a distribución actual dos postos de PAS, indicando o total de efectivos por categorías. Resume asemade as negociacións levadas a cabo no período 2018-2022, destacando os acordos acadados e o seu custo, sendo o total de 1.963.040 euros por ano no 2023. A continuación detalla as negociacións acometidas desde setembro de 2022 e os diversos acordos e compromisos que xa foron acadados. Sinala tamén as distintas liñas de traballo a seguir, coa xustificación e os obxectivos: configuración dos servizos informáticos, carreira profesional, plan de conciliación da vida persoal e familiar, negociación e elaboración da futura RPT. Remata coa planificación temporal e conceptual.

O reitor conclúe apoiando a presentación da xerenta e abre unha quenda de preguntas.

Rita Velasco (invitada con voz e sen voto) pregunta sobre a política de baixas que se está a aplicar, en concreto, se contribúe a prestar un servizo de calidade, dado que entende que os servizos non se están a cubrir como se debe en canto as baixas. Tamén pregunta sobre o horario de 8:00 a 18:00 nalgúns centros, lembrando que se trata dunha modificación substancial nas condicións de traballo e que, polo tanto, debe ser negociada, o que aínda non se anunciou e quere saber cando se comezarán os contactos aos que obriga o art. 41 ET. Sinala os problemas do programa informático Peoplenet e pensa que hai que tomar decisión ao respecto, particularmente en relación co Servizo de Retribucións, PAS e PDI, que xera moitos problemas para as persoas traballadoras. Pide que se aplique xa o plan de teletraballo que foi artellado polo anterior equipo xerencial e pregunta por que non se fixo. Comenta sobre unha instrución xerencial sobre baixas médicas que, ao seu xuízo, incumpre diversos decretos, en relación con certas obrigas de comunicación das persoas traballadoras, e solicita que se corrixa a instrución. Reflexiona sobre a intervención da xerenta e do

reitor, lamentando que a Universidade de Vigo sexa, no SUG, a que menos inverte no PAS, que se sinte abandonado. Felicita pola funcionarización ao anterior equipo xerencial, pero pregunta por que todos os recortes debe padecelos o PAS, ao seu xuízo, e non o PDI, e detalla diversos exemplos, como o cobro de horas extra. Repasa os distintos obxectivos sinalados pola xerente, insistindo nos problemas da conciliación familiar. Comenta os defectos da actual RPT, do equipo reitoral anterior, que é a que estase a aplicar agora mesmo. Pide que se escoite aos traballadores e se negocie coa xunta de persoal. Anima ao PAS a traballar.

O reitor responde sobre a política de baixas, que tenta acadar un equilibrio. O horario reducido hai que incluílo nas medidas de aforro enerxético e de conciliación, malia que depende dos centros e da información que transmitan. Pensa que o acordo cos representantes sindicais será doado, malia que se ten que negociar, adiantando as liñas básicas. Sinala a singularidade do Edificio Redeiras. Hai prevista unha xuntanza sobre Peoplenet (programa que incluso manexa Inditex, ACS, Ferrovial, a Interpol, así como diversas Universidades españolas), que substituíu ao programa anterior que quedou obsoleto. Non nega que da problemas e se tentará arranxalos. Respalda o conxunto de medidas de conciliación aportadas pola xerencia e explica o plan de teletraballo, que espera poder desatranca. Sobre a masa salarial, remítese ás negociacións.

Cede a palabra á xerente, que quere despexar a sensación de desacougo sobre as medidas dirixidas ao PAS. Entende que hai medidas singulares que poden non chegar a todo o colectivo, pero que si axudan. Respecto da política de baixas, lembra o debate no derradeiro Claustro e pon de manifesto as análises que se levan a cabo en cada caso, que non están necesaria e unicamente condicionadas polo aforro, senón, máis ben, orientadas pola valoración de necesidades en relación cos recursos dispoñibles. Sobre a instrución publicada, a xerente entende que non incumpre ningún decreto, tal e como está redactada, e o explica. Pensa que o normal é que a persoa traballadora comunique cando vai estar ausente e o tempo de ausencia, cara a unha boa xestión. Recoñece as tensións no uso de Peoplenet, como sucede con todas as aplicacións informáticas e pensa que se debe tentar de mellorar. Recoñece problemas de implantación entre a empresa e a Universidade. Confía que sexamos quen de afrontar os atrancos, malia que queda moito por facer, como comprender ben a orixe do problema, que é complexo e corresponde resolver a un traballo conxunto entre a empresa matriz (meta4) e os servizos informáticos, o que tardará, polo que pide calma. Organizáronse unas xornadas de formación en 2019, pero recoñece que non foron suficientes e hai outras xa previstas, agardando por fixar as datas definitivas. En relación coa masa salarial, lembra a súa evolución e a compara respecto das cifras do PDI, que entende foron inferiores.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade que expón a relación do cambio de horario co sistema de aforro enerxético e conciliación, agardando polas respostas dos centros que, ata o momento, manteñen case todos o horario actual, agás un deles, cara ao vindeiro curso académico. En relación con Peoplenet, o vicerreitor expón as causas do cambio, pola obsolescencia do programa anterior, e as opcións que había, parecendo a mellor precisamente optar por Peoplenet, presente en varias Universidades españolas, expoñendo varias diapositivas sobre a comparación das diferentes solucións en materia de software de nóminas, que é o apartado que concentra a maioría dos problemas, detallando os que houbo neste proceso de contratación deste servizo en relación coa Universidade de Vigo e a súa implementación no Servizo de Retribucións, derivados das especificidades propias da nosa Universidade, o que obrigaba a novos desenvolvementos, que xeran inqueda. A idea é solucionar todo este tipo de circunstancias -das que proporciona algúns exemplos- primeiro en Meta4 e logo en Peoplenet.

Intervén Pablo López, da UXT, para queixarse dos problemas coas nóminas.

Rita Velasco responde que hai moito persoal que traballa na quenda de tarde e que se debe ter en conta, dado que a negociación é obrigatoria. O reitor pide que conste na acta a vontade de negocialo, pero Rita Velasco insiste en que o tempo esgótase. José Luís Míguez, o vicerreitor, insiste en que, de momento, as noticias son que só hai un centro disposto a modificar o horario de peche. Rita Velasco pregunta polo custo do programa e José Luís Míguez da resposta, aínda que depende dos módulos contratados. Rita Velasco entende que se está a aforrar nas conserxerías, onde entende que non se cobren as baixas, o que repercute na calidade do servizo.

Xoán Cebro, como presidente da xunta de persoal, agradece o traballo realizado nos primeiros anos da Universidade e menciona, en particular, a Cándido Pérez Betanzos, recentemente xubilado. Entende que estamos nun momento delicado e que convén repensar as cousas. Insiste nos problemas de Peoplenet, que afectan aos traballadores e que compara cun Ferrari sen rodas. Sobre a masa salarial propón facer un monográfico e proporciona diversos datos, queixándose da comparación coas outras Universidades do SUG. Sobre a carreira profesional, entende que é un dereito e que debe haber un sistema transitorio, tomando como modelo a USC, buscando o compromiso coa Xunta de Galicia. Sobre a RPT lembra que se pediu que non se negociara ata rematar a funcionarización, o que sería absurdo e imprudente. Pensa que o momento é agora e que a negociación para o 2024 deberá ir precedida de diversos traballos, que debe abordar o equipo de goberno. Lembra o problema dos informáticos. Fala, así mesmo, da internacionalización e da necesidade de reformular a comunicación entre as áreas e de ter isto en conta aos efectos da RPT. Pensa que se necesita unha reformulación e unha reforma en serio da administración na Universidade de Vigo. Conclúe falando sobre o teletraballo, cuxo borrador aínda non está acordado.

Rita Velasco insiste sobre o borrador de teletraballo, malia que o reitor sinala que aínda non está acordado, como sinalara Xoán Cebro. A xerenta tamén entende que merece un tratamento mais sosegado e no marco do plan de conciliación, dado que está moi influenciado pola pandemia. A xerenta agradece a intervención de Xoán Cebro.

O reitor explica a importancia deste informe e do debate, agradecendo as intervencións. Di que é vontade do equipo negociar a carreira profesional, malia que se deben estudar as implicacións económicas. Promete tratar outros asuntos con mais detalle.

Ana González Penín reflexiona sobre o clima de descontento no que está a traballar o PAS e o desapego coa institución, ao seu ver, por como se lles está a tratar. Lembra o resultado das eleccións na mesa central de Exería, que foi negativo para o reitor. Menciona a desautorización do PAS en moitos eidos. Indica á xerenta que pedir calma sobre Peoplenet despois de mais dun ano é moito pedir. Pensa que este Consello de Goberno debeu celebrarse antes. O reitor entende que é imprescindible que o PAS traballe a gusto, lembrando que os votos do PAS son todos iguais e que recibiu maior apoio positivo que negativo.

Conclúe o informe ás 12:58.

3. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2023/24.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, que expón o seguinte cadro:

101 - Facultade de Ciencias	30,00	5.978,00	5.978,00	5.978,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
102 - Facultade de Historia	35,00	2.420,00	2.420,00	2.428,00	8,00	8,00	8,00	8,00	0,33%
103 - Facultade de Dereito	35,00	4.295,50	4.295,50	4.332,00	36,50	36,50	36,50	36,50	0,84%
104 - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	35,00	8.266,60	8.266,60	8.266,60	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
105 - Facultade de Educación e Traballo Social	35,00	15.303,00	15.303,00	15.295,50	-7,50	-7,50	-7,50	-7,50	-0,05%
106 - Escola Superior de Enxeñaría Informática	30,00	8.797,50	9.622,84	9.823,40	200,56	760,00	-559,44	-559,44	-5,69%
107 - Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	30,00	3.410,00	3.410,00	3.410,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
108 - Facultade de Relacións Internacionais	35,00	577,50	1.155,00	1.155,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
201 - Facultade de Belas Artes	30,00	8.283,00	8.283,00	8.299,00	16,00	16,00	16,00	16,00	0,19%
202 - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	35,00	13.950,00	13.950,00	13.927,50	-22,50	-22,50	-22,50	-22,50	-0,16%
203 - Escola de Enxeñaría Forestal	30,00	2.831,00	2.880,00	2.877,00	-3,00	-3,00	-3,00	-3,00	-0,10%
204 - Facultade de Comunicación	35,00	8.850,00	8.850,00	8.900,00	50,00	50,00	50,00	50,00	0,56%
205 - Facultade de Fisioterapia	30,00	3.646,00	3.586,00	3.490,00	-96,00	-96,00	-96,00	-96,00	-2,75%
206 - Facultade de Deseño	30,00	0,00	827,50	827,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
207 - Facultade de Dirección e Xestión Pública	35,00	3.677,00	3.895,88	3.979,00	83,12	83,12	83,12	83,12	2,09%
301 - Facultade de Filoloxía e Tradución	35,00	15.808,00	15.491,83	14.770,00	-721,83	-721,83	-721,83	-721,83	-4,89%
302 - Facultade de Bioloxía	30,00	5.429,00	5.429,00	5.430,00	1,00	1,00	1,00	1,00	0,02%
303 - Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	35,00	17.313,00	17.313,00	17.188,00	-125,00	-125,00	-125,00	-125,00	-0,73%
305 - Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	30,00	10.612,00	9.927,36	9.936,00	8,64	8,64	8,64	8,64	0,09%
306 - Facultade de Comercio	35,00	4.010,00	4.010,00	4.010,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
308 - Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	35,00	8.885,00	8.336,89	8.426,00	89,11	89,11	89,11	89,11	1,06%
309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	30,00	3.442,30	4.976,80	5.044,60	67,80	67,80	67,80	67,80	1,94%
310 - Facultade de Ciencias do Mar	30,00	4.342,00	4.342,00	4.342,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
311 - Facultade de Química	30,00	4.468,00	4.468,00	4.492,00	24,00	24,00	24,00	24,00	0,53%
312 - Escola de Enxeñaría Industrial	30,00	34.897,00	32.429,20	32.995,00	565,80	565,80	565,80	565,80	1,71%

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2023/24.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, que expón o seguinte cadro:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2023/2024		
		PDA	PDA	Dif. PDA
O01M139V01	Máster universitario en Nutrición	348	318	30
O01M142V01	Máster universitario en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria e ambiental	386	386	0
O02M143V01	Máster universitario en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural	299	300	-1
O02M187V01	Máster universitario en arqueoloxía e ciencias da antigüidade	135	152	-17
O03M110V01	Máster universitario en avogacía-Ourense	432		432
O05M053V01	Máster universitario en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	400	318	82
O05M190V01	Máster universitario en desafíos das cidades atlánticas	130	130	0
O06M132V03	Máster universitario en enxeñaría informática	768	768	0
O06M193V01	Máster universitario en intelixencia artificial	468	468	0
O07M174V01	Máster universitario en operacións e enxeñaría de sistemas aéreos non tripulados	210	210	0
P01M171V01	Máster universitario en deseño e dirección creativa en moda	591	676	-85
P02M156V01	Máster universitario en Investigación en actividade física, deporte e saúde	264	250	14
P02M163V01	Máster universitario en dirección integrada de proxectos	279	213	66
P02M178V01	Máster universitario en Investigación e innovación en didácticas específicas para educación infantil e primaria	300	225	75
P04M110V01	Máster universitario en avogacía-Pontevedra	432		432
P04M125V01	Máster universitario en dirección pública e liderado institucional	475	432	43
P04M176V01	Máster universitario en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	391	317	74
P05M191V01	Máster universitario en exercicio terapéutico e funcional en fisioterapia	384	384	0

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2023/24		
		PDA	PDA	Dif_PDA
V01M121V01	Máster universitario en estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións	220	220	0
V01M126V01	Máster universitario en lingüística aplicada	303	240	63
V01M128V01	Máster universitario en tradución para a comunicación internacional	504	504	0
V02M066V01	MUPESOBFPPEI. Especialidade: Ciencias experimentais. Bioloxía, xeoloxía, física e química	2440	2440	0
V02M074V01	Máster universitario en biotecnoloxía avanzada	390	323	67
V02M098V01	Máster universitario en bioloxía maríña	342	340	2
V02M099V01	Máster universitario en neurociencia	205	128	77
V02M102V03	Máster universitario en acuicultura	420	389	31
V02M173V01	Máster universitario en xenómica e xenética	205	205	0
V02M179V01	Máster universitario en biodiversidade terrestre: caracterización, conservación e xestión	345	313,5	31,5
V03M134V01	Máster universitario en administración integrada de empresas e responsabilidade social corporativa	361	361	0
V03M177V01	Máster universitario en economía	330	330	0
V03M184V01	Máster universitario en técnicas estatísticas	375	375	0
V04M141V02	Máster universitario en enxeñaría industrial	3432	3413	19
V04M192V01	Máster universitario en enxeñaría biomédica	864	864	0
V05M135V01	Máster universitario en matemática industrial	300	300	0
V05M145V01	Máster universitario en enxeñaría de telecomunicación	1480	1449	31
V05M175V01	Máster universitario en ciberseguridade	358	391,5	-33,5
V05M185V01	Máster universitario en visión por computador	300	126	174
V06M092V01	Máster universitario en dirección de pemems	384	398	-14
V06M101V02	Máster universitario en comercio internacional (presencial)	428	384	44
V06M101V03	Máster universitario en comercio internacional (non presencial)	403	384	19
V08M042V01	Máster universitario en menores en situación de desprotección e conflito social	432	432	0
V08M110V01	Máster universitario en avogacía-Vigo	864		864

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2023/2024		
		PDA	PDA	Dif_PDA
V09M148V01	Máster universitario en enxeñaría de minas	1044	1044	0
V10M153V01	Máster universitario en oceanografía	320	320	0
V11M131V01	Máster universitario en química teórica e modelización computacional	50	50	0
V11M162V02	Máster universitario en investigación química e química industrial	180	180	0
V11M188V01	Máster universitario en nanociencia e nanotecnoloxía	195	195	0
O07M197V01	Máster universitario en enxeñaría aeronáutica	480	480	0
V09M195V01	Máster universitario en xestión sostible da auga	210	210	0
V04M196V01	Máster universitario en fabricación aditiva	272	272	0
V05M198V01	Máster universitario en ciencia e tecnoloxías da información cuántica	231	205,5	25,5

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación do Grao en Relacións Internacionais para o curso 2024/25.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente que expón o seguinte:

Titulación de grao interuniversitario UDC-UVigo.

- Universidade coordinadora: UDC.
- Comezo da implantación no curso 2022/2023.
- Dúas mencións:
 - ✓ UDC: Cooperación para o desenvolvemento.
 - ✓ UVigo: Xestión de proxectos e negocios internacionais.
- Titulación trilingüe: español, galego e inglés.
- Número de prazas de novo ingreso:
 - ✓ UDC: 23 prazas.

✓ UVigo: 22 prazas.

- Modalidade de ensinanza: presencial e virtual síncrona.

Informe do estudantado do título:

- Problemas informáticos no campus de Ferrol que afectan o rendemento e a capacidade académica.
- Problemas técnicos de son no campus de Ferrol que afectan o seguimento da materia, sobre todo, no relativo á docencia en inglés.
- Dificultades de interacción co profesorado do campus de Ferrol a través da plataforma.

Informe centro:

- Apoio excepcional do persoal de administración e servizos do Edificio Xurídico-Empresarial do campus de Ourense.
- Melloras técnicas e illamento sonoro por parte da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
- Problemas:
 - ✓ Retrasos no comezo das clases.
 - ✓ Clases suspendidas por imposibilidade ou interrupción da conexión.
 - ✓ Deficiente recepción noutro campus.
 - ✓ Dificultade na interacción estudantado/estudantado e estudantado/profesorado.

Solicitud (acordo entre ambas as universidades, UDC e UVigo):

- Modificación da memoria do título en dous aspectos:
 - ✓ Número de prazas de novo ingreso: 30 prazas para cada universidade.
 - ✓ Modalidade de impartición: modalidade presencial con grupos separados en ambas as universidades.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo (CPFP).

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente:

Exposición de motivos:

Novas dinámicas que afectan as titulacións.

- Desenvolvemento de novos títulos de mestrados oficiais de carácter transversal e estratéxicos para a Universidade de Vigo que non teñan un soporte axeitado nunha escola ou nunha facultade.

- Desenvolvemento de programas de mestrados transversais adaptados aos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
- Captación de estudantado estranxeiro mediante a internacionalización da oferta de programas de mestrado flexibles e adaptados
- Promoción no Espazo Iberoamericano de Educación Superior.
- Integración dos mestrados de formación permanente no sistema interno de garantía de calidade.
- Desenvolvemento de microcredenciais como unha oferta formativa que combina metodoloxías flexibles, interconectadas e innovadoras no ámbito nacional e europeo.
- Novo financiamento no ámbito nacional para a promoción da oferta de microcredenciais.
- Necesidade de superar unha garantía de calidade.

Órganos de dirección:

CENTRO DE POSGRAO E FORMACIÓN PERMANENTE



- A proposta da representación do persoal de administración e servizos:
 - ✓ O Centro de Posgrao e Formación Permanente será xestionado por persoal de administración e servizos cunha estrutura acordada coa representación deste, que permita desenvolver as actividades asociadas aos aspectos académicos, económicos, informáticos, promocionais e administrativos das titulacións adscritas ao centro.
 - ✓ A nova relación de postos de traballo deberá identificar as previsibles novas necesidades que suporá a modificación da EAFP no CPFP.

Infraestruturas e recursos:

- ✓ O Centro de Posgrao e Formación Permanente terá a súa sede inicial no edificio Ernestina Otero da Universidade de Vigo, co obxectivo de acadar unha sede física onde desenvolver as súas funcións.
- ✓ O Centro de Posgrao e Formación Permanente coordinará coas facultades, escolas e outros órganos e servizos da Universidade de Vigo, se é preciso, a utilización das aulas

e dos espazos comúns máis adecuados para impartir as ensinanzas adscritas a esta.

Coral del Río adhírese aos argumentos manifestados por Iñigo Cuiñas no Claustro, en particular, polo nomeamento directo do seu director ou directora. Pensa que se trata de solucionar un problema particular, que requiriría solucións específicas. Adianta o seu voto negativo, xunto con Ana G. Penín.

Votación:

- A favor: 32
- En contra: 3
- Abstención. 1

Apróbase por maioría.

7. Aprobación, se procede, da creación da Facultade de Enfermaría da UVigo.

O reitor lembra que se trata dunha antiga inqueda da UVigo e que xa foi aprobada no Claustro. Sinala o estado actual da tramitación e como será o proceso de integración. O proxecto tamén podería acabar incorporando a POVISA, sobre o que xa hai certas negociacións. Lembra que o decano comisario é Rafael Durán Barbosa.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, se procede, da proposta do Mestrado de Formación Permanente en Auditoría e Contabilidade

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente que expón o seguinte:

- Mestrado aprobado polo Consello de Goberno do 9 de xuño de 2022.
- Non hai modificacións para o curso 2023/2024.
- Informe favorable do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.
- Informe favorable da CEP do 29 de marzo de 2023.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da proposta do Mestrado de Formación Permanente Dual en Información Xeoespacial.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, que expón o seguinte:

- Mestrado de nova implantación para o curso 2023/2024.

- Obxectivo: coñecemento e destrezas necesarias para o desenvolvemento profesional e persoal no sector das xeotecnoloxías e da industria xeoespacial.
- Mestrado dual: o estudantado disporá dunha oferta de prácticas en empresa.
- A proposta dual foi avalada polo consorcio do proxecto GEOSUB e outras tres empresas. En total, 12 entidades.
- Informe favorable do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.
- Informe favorable da CEP do 29 de marzo de 2023.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade que indica o seguinte:

Artigo 14. Da revisión e do seguimento da presente normativa

1. Anualmente, a Comisión de permanencia e progreso da Universidade de Vigo elaborará un informe sobre o progreso e o rendemento académico do estudantado que será presentado no Consello de Goberno e que se dará a coñecer aos centros, para facilitar as tarefas de orientación e información cara ao estudantado.

2. O informe anual poderá establecer propostas de adaptación e de revisión da citada normativa. O devandito informe publicarase na páxina web da Universidade de Vigo.

3. A presente normativa será revisada, referendada ou modificada, dependendo do caso, polo Consello de Goberno cada dous anos desde a súa entrada en vigor, do que se dará traslado ao Consello Social, no caso de que proceda.

– 25 de febreiro de 2023: presentación ao Consello de Goberno do informe sobre o progreso e o rendemento académico do estudantado da Universidade de Vigo.

– 7 de marzo de 2023: aprobación das modificacións da normativa pola Comisión de Permanencia e Progreso da UVigo:

- Eliminación de referencias lexislativas
- Modificación de terminoloxía
- Detalle de cuestións administrativas
 - Prazos
 - Procedementos
- Modificación de cuestións académicas:
 - Criterios de permanencia do estudantado de grao

- Número máximo de matriculas en titulacións de grao
- Rendementos académicos excepcionais
- 23 de marzo de 2023: informe favorable da Asesoría Xurídica.
- 10 de abril de 2023: exposición pública. Recibíronse tres alegacións.
- 20 de abril de 2023: aprobación das modificacións da normativa, tras as alegacións, pola Comisión de Permanencia e Progreso da UVigo. Aceptáronse dúas alegacións.
- 21 de abril de 2023: enviouse a resposta ás alegacións. Remisión ao Consello Social:
- Consello Galego de Universidades
- Publicación no DOG

Ana Belén G. Penín pide que conste a súa abstención.

Apróbase por maioría.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa (AIPSE).

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que indica que a proposta foi aprobada polo Departamento e conta co informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen explica o seguinte:



- Incorporouse o logo do selo HR aos documentos das axudas propias
- Incluíronse referencias á nova LOSU
- Cambios respecto á convocatoria 2022:
 - Elimínouse a axuda A.1.2: Contratos programa con grupos de investigación constituídos entre o 30/06/2021 e o 31/12/2021
- Reduciuse a dotación dalgunhas axudas da modalidade A_Promoción da investigación:

Tipo de axuda	2022	2023
Axudas a contratos-programa	80000	40000
Axudas á preparación de proxectos internacionais de I+D+i	40000	30000
Axudas á reparación de equipamento científico	5000	5000

- A modalidade B_Reunións científicas quedou igual: congresos, exposicións e visitas de persoal investigador.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen explica os cambios:

Con respecto á versión previamente aprobada (CG marzo 2023) e en vista dos informes emitidos polo Servizo de Control Interno, introducíronse unha serie de melloras técnicas na redacción referente a aspectos económicos.

- Aclarouse que o IFCAE non dispón dun orzamento como tal, senón dunha asignación orzamentaria dentro do orzamento da UVigo. Corrixíuse a este respecto a redacción dos artigos 4.3.a, 5.3.k, 12 e 13.
- En vista do principio de non afectación de ingresos, mellorouse a redacción do artigo 12, que trata dos recursos do IFCAE. Diferénciase entre os recursos captados con carácter finalista e os que sexan ingresos do IFCAE suxeitos ao principio de non afectación de ingresos.

Ademais dos comentarios do Servizo de Control Interno, engadimos no artigo 12.2 o feito de que a Xunta Directiva deberá aprobar a memoria económica anual, de acordo co que xa se expresaba no artigo 4.3.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da creación do Instituto de Xustiza e Xénero.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación para que expoña o punto.

Ata o ano 2022, a Universidade unicamente tivo un instituto (o de Electrónica Aplicada Barrié de la Maza).

O ano pasado decidimos que era o momento para a creación de institutos. Non todas as iniciativas de agrupamento teñen a dimensión axeitada para un centro.

As agrupacións estratéxicas deixaron de ser financiadas pola Xunta.

Vai haber unha convocatoria autonómica para o financiamento de institutos e de centros de investigación. Aprobáronse xa dous.

A proposta do IXEX ten todos os informes positivos e non recibiu alegacións. Nace co propósito de responder aos retos de sustentabilidade do século XXI fortalecendo, modernizando e internacionalizando a dimensión investigadora da Universidade de Vigo.

Ten o propósito de se converter en plataforma de referencia para o estudo de todos os aspectos asociados co xénero, o seu tratamento ao longo da historia, os cambios que se produciron ata chegar á situación actual e de servir de canle cos distintos actores públicos e privados implicados nos problemas estruturais, legais e regulatorios asociados co xénero desde unha perspectiva multidisciplinaria.

A vicerreitora amosa os garantes, así como as persoas investigadoras e promotoras, que foron achegadas xunto co resto da documentación. O IXEX está formado por persoas investigadoras con vinculación permanente á Universidade de Vigo, cunha extensa traxectoria nas diversas áreas que desenvolverá o instituto e que aseguran a súa viabilidade.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Transversalización do xénero na investigación xurídica
- Potenciar a innovación en materia de xustiza e igualdade
- Converterse nun instituto de referencia na investigación sobre xustiza e xénero
- Fomentar e difundir estudos inter e multidisciplinares en relación coas liñas de investigación
- Contribuír á visibilidade internacional da investigación e da produción científica da Universidade de Vigo
- Participar na formación de persoal investigador e de profesionais do ámbito xurídico
- Promover a colaboración externa
- Ofrecer apoio profesional e asesoramento técnico
- Organizar actividades de formación e de difusión especializada
- Impulsar a transferencia do coñecemento

A vicerreitora expón tamén a gobernanza, o plan director, os eixos estratéxicos, as liñas de investigación e a transferencia do coñecemento.

En canto ao plan de viabilidade, de acordo coa calidade investigadora do instituto e das persoas que o integran, no curto prazo prevese obter financiamento das seguintes fontes:

1. Cátedra UNESCO Red Unitwin
2. Cátedra JEAN MONNET
3. Subvencións ao abeiro do Programa Marco de Investigación e Innovación da UE (2021-2017) “Horizonte Europa”, baixo o Clúster 2- Cultura, creatividade e sociedades inclusivas.
4. Axudas e subvencións do Instituto das Mulleres:
 - Subvencións para a realización de investigacións feministas, de xénero e sobre mulleres.
 - Subvencións para a realización de posgraos de estudos feministas e de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade.
5. Axudas e subvencións da Xunta de Galicia.
6. Convenios de colaboración con administracións.
7. Contratos con empresas e entidades para o asesoramento sobre perspectiva de xénero, elaboración de códigos éticos e normativa de igualdade.

8. Informes para empresas e administracións sobre xénero.

Dous avaliadores externos: avaliación favorable

1. Carmen Sáez Lara, catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidad de Córdoba.
2. Francisco Javier Álvarez García, catedrático de Dereito Penal da Universidad Carlos III

Aprobación na Comisión de Investigación: 26/01/2023.

Non houbo ningunha alegación tras a exposición pública (do 31/01/2023 ao 3/03/2023).

Informe positivo do Claustro Universitario: 18/04/2023.

Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, do nomeamento de Xavier Labandeira Villot como director comisario de ECOBAS.

O reitor sinala que está pronta a xubilación de Carlos Hervés a quen o reitor agradece o seu traballo, así como a dispoñibilidade do profesor Labandeira.

Aprobación do nomeamento polo Consello Reitor de Ecobas o 19/4/2023.

Sobrada capacidade e recoñecemento do profesor Labandeira, de cuxo cv se destaca o seguinte:

- Director de Economics for Energy, un centro de investigación privado especializado na análise das cuestións enerxéticas.
- Forma parte do Grupo Intergubernamental sobre Cambio Climático da ONU (IPCC).
- Foi director do Florence School of Regulation-Climate no European University Institute de Florencia (2014-2017).
- Responsable da Cátedra sobre Enerxía e Desenvolvemento Sostible na UVI (2011- 2019) e da Cátedra sobre Economía do Cambio Climático en FEDEA (2007-2009).
- Membro do 'Policy Outreach Committee' de EAERE desde 2018.
- Membro do Comité de Persoas Expertas para a Elaboración do Libro Branco sobre Reforma do Sistema Tributario Español presentado en marzo de 2022.
- Medalla da Academia Galega de Ciencias á traxectoria investigadora no ámbito económico e das ciencias sociais na súa primeira edición (2019).

Apróbase por asentimento.

16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:

- 1 PAS

O reitor indica que non se presentaron candidaturas.

Non procede a elección.



17. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Coral del Río pregunta cando se agarda que se paguen os complementos da Xunta de 2021. O reitor sinala que se lanzará o pagamento deste pagamento unha vez que xa pasou polo Consello Social, e lembra os problemas co Servizo de Retribucións neste momento.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:37 h. do día 28 de abril de 2023, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral